




Situación Tecido Turístico Ribeira Sacra COVID-19

(Formulario 1: Diagnóstico)





Sober, a 20 de abril de 2020.

O formulario...

Este formulario foi elaborado polo Consorcio de Turismo Ribeira Sacra (e colaboración da Asociación Ribeira Sacra Rural).

Un total de 37 cuestións que se remitiron vía correo electrónico ao directorio de enderezos de empresas do sector turístico do xeodestino Ribeira Sacra cun prazo de 6 días para cubri-lo (do 14 ao 19 de abril).

O que se pretende é conseguir unha aproximación á situación do sector turístico en relación ás medidas laborais e económicas, inquiredanzas e perspectivas ante a crise do COVID-19, partindo dun perfil da composición dese tecido, pero non unha investigación de carácter formal ou exhaustiva.




Perfil

Tipo de empresa


Participaron neste formulario un total de 65 empresas de diferentes subsectores do Turismo que ofrecen os seus servizos no xeodestino Ribeira Sacra.

Mayoritariamente aloxamentos (56%) e restaurantes (14,3%)

*Outros: Rutas fluviais, guías oficias, apartamentos turísticos



Perfil



Forma xurídica

Máis do 58% dos participantes son autónomos.

Autónomos
58.3%

*Outros: Sociedade Civil, Fundación


Perfil

Concello onde se ubica


É na capitalidade, Monforte de Lemos, onde se localiza unha parte importante dos participantes.

Coincide tamén que a distribución dos colaboradores se corresponde, en parte, coa distribución proporcional do número de empresas no territorio.

*Ourense: Empresas con razón social en Ourense, pero coa oferta localizada en Ribeira Sacra.



Perfil




Cantas persoas traballan na empresa?

O perfil dos participantes, en canto ao tamaño das súas empresas, achégase moito á realidade do tecido empresarial no ámbito do turismo en Ribeira Sacra, composto por moitas pequenas empresas.


Perfil

Cantas desas
persoas traballan
por conta allea?

○ 44% do persoal
son traballadores
por conta allea



Perfil



A actividade turística, é a sua única fonte de ingresos?


Máis da metade dos participantes dependen exclusivamente da actividade turística

Alugueres

Ten contrato de aluguer no seu negocio?


Un 26% das empresas teñen que facer fronte a cotas de aluguer.

O 47% desas empresas xa conseguiu facilidades dos arrendatarios para o pago das cotas (seguinte).



O arrendador é favorable a retrasar ou cancelar as mensuralidades mentres dure a suspensión da actividade turística?


Alugueres



Préstamos

Ten en vigor algún tipo de hipoteca ou préstamo vencellado ao seu negocio?


Case un 45% das empresas teñen algún tipo de préstamo ou hipoteca.



Préstamos

Conseguiu unha moratoria para o pago do seu préstamo ou hipoteca?


Máis do 55% das empresas con préstamos asociados ao negocio non conseguiu moratorias.




Autónomos

Solicitou a prestación extraordinaria por cese de actividade para autónomos afectados pola declaración do estado de alarma?

O 77% dos 35 autónomos participantes acolleuse á prestación extraordinaria por cese de actividade.



Autónomos




De habela solicitado,
foille concedida?

Nesta mostra, o 76% desas
prestacións foron concedidas.


Medidas laborais

Acolleuse a algunha medida/decisión de carácter laboral como consecuencia da declaración do Estado de Alarma?

O 80% dos participantes si adoptou medidas de carácter laboral, principalmente a figura do ERTE.



*Outros: Redución de xornada, despidos, rescisión contratos eventuais



Medidas laborais

○ 92% dos
traballadores por
conta allea foron
adheridos a un ERTE




Cantos
traballadores se
viron afectados
polo ERTE?

Medidas económicas

Solicitou ou está en trámites de solicitude dalgunha das seguintes axudas convocadas para empresas afectadas pola crise actual?

Máis do 60% das empresas non solicitou axudas económicas vencelladas ao COVID-19.


O 22% dos que si o fixeron optaron polas liñas ICO.




Medidas económicas

Puntúe os seguintes aspectos en relación ás axudas económicas solicitadas:


Facilidade dos trámites



Axilidade dos trámites



Solución do problema



Medidas económicas

Puntúe os seguintes aspectos en relación ás axudas económicas solicitadas:

Hai certa satisfacción en canto á facilidade dos trámites.


En canto á axilidade dos procesos as opinións están bastante divididas.

O que amosan as respostas ao formulario é que as axudas non son solución suficiente á situación xerada.



Medidas económicas

*Outros: Demasiadas trabas, préstamos familiares.



De non haber solicitado axudas, cal foi o motivo?

Non precisar de axudas polo momento e non cumprir os requisitos que se establecen son os motivos principais polo que non se solicitaron.


Durante o período de non actividade, que considera prioritario a fomentar dende o Consorcio de Turismo?

Inquedanzas

A promoción para o "día despois" é o principal interese para o 75% dos participantes neste formulario.

Séguenlle a formación on-line e a organización de encontros telemáticos para compartir inquedanzas.


*Outras: Reforzo das peticións de suspensión de impostos municipais, canles de venda on-line, xestión de distancias e medidas de seguridade e saúde.



Inquedanzas


De estar interesado en formarse, que áreas considera de interese?

Máis da metade dos que se decantan por adicar o confinamento á formación amosan preferencia polo marketing on-line e as redes sociais.



*Outras: Os protocolos para actuar nesta situación ante os clientes, a xestión comercial e os idiomas.

Inquedanzas



En canto estima a contía que deixa de facturar dende a declaración do estado de alarma ata o final da Semana Santa?

Case o 70% das empresas deixan de facturar cifras de ata 10.000 euros.

Chama a atención o número de empresas que terían facturado por riba dos 25.000 euros.

En canto estima a contía que deixa de facturar dende a declaración do estado de alarma ata o final da Semana Santa?

Ata Semana Santa

-12.400

413 €/día



Inquedanzas

Se dividimos o total da facturación prevista dende o 14 de marzo ata o 13 de abril entre o número de empresas que respostaron a esta cuestión, o resultado ascende a 12.451€ de media por negocio.

A pesar de que a mostra é bastante representativa do territorio no que ao peso de cada subsector se refire, quizais compre concretar este aspecto para os dous que suman máis empresas: turismo rural e restaurantes.

Inquedanzas

Turismo rural

En canto estima a contía que deixa de facturar dende a declaración do estado de alarma ata o final da Semana Santa?

Ata Semana Santa

-6.600

220 €/día



O turismo rural estima un perda de facturación diaria de 220 € de media ao no periodo que comprende entre o 14 de marzo e o 13 de abril e que inclúe a Semana Santa, días do ano de maior concentración de demanda turística .

Inquedanzas

Restaurantes

En canto estima a contía que deixa de facturar dende a declaración do estado de alarma ata o final da Semana Santa?

Ata Semana Santa


-36.330



1.211 €/día

No caso de restaurantes a cifra que puideron deixar de facturar cada día dende o día 14 de marzo ata pasar a Semana Santa é de 1.211 euros de media.

Inquedanzas



Cal podería ser esa cifra de non facturación entre o 14 de abril e o 30 de xuño?

(Considérase que será xuño o mes no que comecen a permitir a apertura de determinados establecementos relacionados co turismo)

O tramo de facturación ata os 10.000 € é o máis numeroso tamén neste caso (30% das respostas).

De novo, cabe destacar que un 13% dos participantes deixa de facturar entre 50.001 e 80.000 €.

Cal podería ser esa cifra de non facturación entre o 14 de abril e o 30 de xuño?

14/04-30/06
-20.800



277 €/día

Inquedanzas

(Considérase que será xuño o mes no que comece a permitir a apertura de determinados establecementos relacionados co turismo)

Se dividimos o total da facturación estimada dende o 14 de abril ata o 30 de xuño entre o número de empresas que responderon a esta cuestión, o resultado é que cada unha deixa de facturar 277 euros por día de media.

Vexamos agora que acontece nos establecementos de turismo rural e nos restaurantes:

Inquedanzas

Turismo rural

Cal podería ser esa cifra de non facturación entre o 14 de abril e o 30 de xuño?

14/04-30/06

-10.275

137 €/día



O turismo rural estima que, dende o 14 de abril e ata o 30 de xuño, poden deixar de facturar diariamente 137 € de media.

Cal podería ser esa cifra de non facturación entre o 14 de abril e o 30 de xuño?

Inquedanzas

Restaurantes

14/04-30/06


-49.800



664 €/día

Serían 664 euros ao día de media no caso dos restaurantes.

Que é o que máis lle preocupa agora mesmo?



Inquedanzas

Viabilidade do negocio a curto prazo
33.8%


O 72% dos empresarios amósanse preocupados pola viabilidade dos seus negocios a medio e curto prazo.

*Outras: Pago a provedores, aluguer, prazos para a recuperación, pago de costes fixos, reembolso de cancelacións, NS/NC ...


Perspectivas

Fálase de que será agosto o mes no que se reinicia a actividade turística con ocupacións medias do 15% (datos a nivel nacional). Pensa que o segmento do turismo rural e, en concreto, a Ribeira Sacra pode superar esas previsións?

Preto do 65% das empresas prevén que o turismo rural (maioritario en Ribeira Sacra) pode superar ese 15% de ocupación.



Perspectivas




Dada a situación actual e as previsións das que se falan, pensa en pechar o seu negocio?

A perspectiva máis alentadora é que o 91% dos participantes tratarán de sacar o seu negocio adiante e non consideran o peche.

Perspectivas

Estaría interesado en formar parte de xeito activo dun grupo de traballo con empresarios e profesionais turísticos do xeodestino Ribeira Sacra que dean traslado das inquiredanzas, fagan propostas de presente e de futuro e presten axuda de xeito colaborativo?

Case o 65% dos participantes están dispostos a colaborar activamente no marco dun grupo de traballo que aborde inquiredanzas e posibles medidas de xestión de destino.



Conclusións

Perfil

O perfil maioritario das empresas participantes neste formulario son do ámbito do aloxamento e da restauración, constituídos como autónomos cun ou dous traballadores, sendo o 44% dos mesmos traballadores por conta allea. As empresas aséntanse en Monforte de Lemos, Sober, Parada de Sil, Quiroga e Pantón e para o 52% a actividade turística é a única fonte de ingresos.

Alugueres e préstamos

No 26% dos casos manteñen contratos de aluguer e case a metade conseguiu facilidades dos arrendatarios para afrontar o pago mentres non se reactiva a actividade.

Conclusións

Alugueres e préstamos

O 45% das empresas teñen en vigor unha hipoteca e o 55% delas non puido negociar unha moratoria.

Autónomos

O 76% dos autónomos solicitaron a prestación extraordinaria por cese de actividade e foilles concedida a 8 de cada 10.

Medidas laborais

O 92% dos traballadores por conta allea foron adheridos a un ERTE. Os despidos supoñen unha parte insignificante polo momento.

Conclusións

Medidas económicas

Máis do 60% das empresas non solicitou axudas económicas vencelladas ao COVID-19. O 22% dos que si o fixeron optaron polas liñas ICO. Hai certa satisfacción cos procedementos, pero non resolven os problemas dos que piden esas axudas.

Os que non se adheriron a ningunha liña é porque non precisan dela polo momento ou porque non reunen os requisitos.

Inquedanzas

Están a favor de invertir o tempo sen actividade en estratexias promocionais para o día despois. Os que optan por formarse, prefiren o marketing on-line e as redes sociais.

As empresas estiman que deixaron de facturar 433 € por día dende o decreto do

Conclusións


Inquedanzas (segue)

Estado de Alarma ata o final de Semana Santa e 277 € por día entre o 14 de abril e o 30 de xuño de manterse a paralización da actividade.

O turismo rural e a restauración son os sectores nos que hai un maior número de negocios que deixaron de facturar ata Semana Santa 220 € e 1.211 € respectivamente, e 137 € e 664 € dende o 14 de abril ao 30 de xuño.

Perspectivas

O 77% das empresas están preocupadas pola viabilidade das mesmas a medio e curto prazo, pero contan con superar as expectativas de ocupación en agosto (en caso de que se lles permita a apertura) e o 91% tratará de sacar a súa empresa adiante sen considerar a posibilidade do peche ata o de agora.



Ribeira Sacra
CONSORCIO DE TURISMO

**ribeira
sacra
rural**
ASOCIACIÓN PROFESIONAL



@ribeirasacraCT

CONSORCIO DE TURISMO RIBEIRA SACRA
turismo@ribeirasacra.org
638 823 592